



CONCELLO DE REDONDELA

2/17

ACTA DA XUNTANZA DO CONSELLO PARROQUIAL DE QUINTELA  
9 DE MAIO DE 2017

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Orzamentos participativos ano 2017
3. Rogos e preguntas

ASISTENTES

Presidenta: M<sup>a</sup> José Barciela Barros

En representación dos grupos municipais:

- José Luis Villaverde Campos
- Eduardo Reguera Ocampo
- Jorge Varela Couñago
- Xoan Carlos González Campo

Como representantes das asociacións de veciños:

- Eloy Quiñones Guisande
- Claudino Rodríguez Gómez

Como representantes da Comunidade de Montes:

- M<sup>a</sup> José Fabre Fervenza
- M<sup>a</sup> Carmen Pena Tome,

Como representantes da comunidade de augas:

- Bernardo Casas Montero

Eduardo Reguera Ocampo substitúe a Isaac Borja Araújo Figueroa como representante do grupo político PsdeG-PSOE.

O Sr. Varela Couñago incorpórase á xuntanza as 20:40 h, o Sr. Glez. Campo ás 20:45 h e o Sr. Casas Montero incorpórase ás 20:55 h.

Non asisten nin excusan a súa ausencia os representantes da ANPA escolar Roberto Montes Crespo e Estela Mosquera Alonso.

Secretaria: Manuela Docampo Pintos

No CEIP de Quintela, a nove de maio de dous mil dezasete, previa convocatoria reuníronse os/as membros do Consello Parroquial de Quintela baixo a presidencia da Sra. Barciela Barros, por delegación do Sr. alcalde e asistidos de min, a secretaria do



CONCELLO DE REDONDELA

consello, coa finalidade de celebrar a xuntanza ordinaria convocada para o día de hoxe.

Pola presidencia, declarouse aberta a sesión as vinte horas e trinta e cinco minutos, pasándose a tratar a orde do día.

### **1.- Aprobación, se procede, da acta anterior.**

A presidenta dá conta da acta da xuntanza ordinaria deste consello parroquial do 31 de xaneiro de 2017.

A Sra. Fabre Ferverza pide que no punto 3 de dita acta, no parágrafo 4 na resposta que dá ao Sr. Reguera Ocampo sobre o derrame de gasóleo, se indique que se trataba dun camión de plantas que derramou gasóleo.

Por unanimidade dos asistentes, apróbbase dita acta coa corrección realizada pola Sra. Fabre Ferverza e así onde di "A Sra. Fabre Ferverza respóndelle que houbo un accidente cun camión de gasóleo..." debe dicir "*A Sra. Fabre Ferverza respóndelle que houbo un accidente cun camión de plantas que derramou gasóleo*".

### **2.- Orzamentos participativos ano 2017**

A presidenta comunica aos membros do consello parroquial que coa **construción do muro de mampostería a altura do nº 65 do camiño de San Mamede, por debaixo do Colexio de Quintela** e coa **colocación de 2 lombos para obrigar a reducir a velocidade de vehículos no camiño da Antiga Vía do Tren desde o Bar Villaverde ata a ponte do ferrocarril** o importe dos orzamentos participativos estaría axustado.

Considera que no camiño da Antiga Vía farían falla máis lombos pero que se se se fan máis habería que renunciar á construción dunha parte do muro.

Así mesmo informa que se levaron a cabo as seguintes actuacións na parroquia:

- Arranxo da **fonte da Marela e do lavadoiro**, aclara que se localizou o manancial e que pasado un tempo se analizará a auga (xa que hai que deixar que esta corra antes da súa análise).
- Tamén a **fonte do camiño das Fontes**, que estaba tapada, localícase o manancial e que xa se mandou a analizar a auga.
- **Colocación dun banco na entrada do camiño do Cocho do Muíño .**

**O consello parroquial en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes acorda a realización das seguintes obras con cargo aos orzamentos participativos do ano 2017:**

- 1. A construción do muro de mampostería a altura do nº 65 do camiño de San Mamede, por debaixo do Colexio de Quintela.**



CONCELLO DE REDONDELA

**2. A colocación de 2 lombos para obrigar a reducir a velocidade de vehículos no camiño da Antiga Vía do Tren desde o Bar Villaverde ata a ponte do ferrocarril.**

**3.- Rogos e preguntas.-**

O Sr. Reguera Ocampo comenta que na explanada do colexio un autobús rachou unha roda.

A presidenta dille que hai que pór unha rexilla nova, que xa se pasou Germán o encargado de Vías e Obras por alí, que falta un mes para o vran e que se arranxará provisionalmente.

Continua a súa intervención dicindo que o comportamento da Comunidade de Augas non é bo, xa que cando rompe unha tubería e a arranxan, logo en vez de reparar o firme o que fan é sinalizar o burato cunha cana e o deixan así durante meses.

O Sr. Varela Couñago pregunta onde.

O Sr. Glez. Campo comenta que en Vilar tamén pasa o mesmo que a veces levan un par de meses.

A presidenta contesta que no camiño da Faxina estaba sinalizada unha destas avarías, xa arranxada pola comunidade de augas, cunha cana pero que o concello xa lle botou asfalto.

Continúa dicindo que en canto ao tema da limpeza de fincas próximas ao colexio de Quintela, está a petición en trámite.

O Sr. Reguera Ocampo comunica que a directora do colexio puxo no seu coñecemento, co fin de que se limpe, que as árbores están xa metidas no parque de infantil.

A Sra. Fabre Fervenza contesta que a comunidade de Montes limpou o ano pasado e que non é deles.

O Sr. Varela Couñago puntualiza que é a directora do colexio a que pregunta.

A Sra. Fabre Fervenza aclara que é dentro do recinto do colexio.

O Sr. Varela Couñago cree que a Xunta de Galicia faise cargo do colexio pero que os concellos levan o mantemento.

A presidenta contéstalle que teñen autoxestión, que non podemos mandar outra factura de limpeza de fincas a intervención porque non a pasa.

O Sr. Varela Couñago dille que unha cousa é a autoxestión pero os reparos do interventor se poden levantar.



CONCELLO DE REDONDELA

A presidenta informa que o proxecto do camiño de Quinteiro de momento está parado, xa que hai problemas coas cesións para a ampliación do camiño.

O Sr. Villaverde Campos cree que é un problema de herdanza.

O Sr. Varela Couñago pregunta sobre se na orde do día vai a modificación do regulamento dos consellos parroquiais porque nalgúns consellos a incluíron na orde do día.

A presidenta responde que non está na orde do día.

O Sr. Glez. Campo di que quere facer dúas preguntas, a primeira e que hai tempo que se fixo unha obra na Vía Vella, antes do segundo poste, onde vive Jessica

A Sra. Fabre Fervenza dille que iso xa é Saxamonde.

O Sr. Glez. Campo comenta que é para saber se esta obra a fixo un particular ou o concello porque a pedra desapareceu.

A segunda pregunta e que considera que as parroquias teñen que estar ao mesmo nivel que o centro do pobo e quere saber por qué se puxeron novos biosaudables no paseo do Pexegueiro e os que estaban alí foron colocados nas parroquias.

A presidenta contéstalle que os biosaudables do Paseo do Pexegueiro xa eran tamén reparados, que antes de colocalos nas parroquias se reparan e preparan. Considera que se usan o triple de veces no centro da vila que nas parroquias. Que coincidiu que houbo un pedido de 11 actividades e que estas se colocaron no centro.

O Sr. Glez. Campo cree que se valen para as parroquias tamén valen para o centro do pobo e considera que se poideron traer os novos tamén para Quintela.

A presidenta contesta que eran un lote de 11 actividades e que decidiu colocalos alí.

O Sr. Glez. Campo dille que non lle vale a explicación e a continuación pregunta cómo está a solicitude de devolución/cesión dos terreos afectados polo AVE.

A presidencia contéstalle que está solicitado.

O Sr. Glez. Campo pregunta se hai avance.

A presidenta responde que cree que en 3 ou 4 meses estará resolto.

O Sr. Rodríguez Gómez pregunta a quen lle corresponde limpar esa zona se non se cede.

A presidenta contesta que a ADIF ou a Patrimonio.

O Sr. Glez. Campo pregunta se debaixo do viaduto é ADIF ou Patrimonio

A presidenta contesta que non sabe.



CONCELLO DE REDONDELA

O Sr. Glez. Campo comenta que o concello creou un vertedoiro incontrolado e que a xente xa colleu o costume de botar alí o refugallo.

A presidenta dille que sí, que cando o concello fai obras bascula alí pero o recollen, é un depósito provisional, sempre se busca un lugar amplo e que non moleste para botalo.

A Sra. Fabre Fervenza di que alí nas mesas tamen deixan lixo

O Sr. Casas Montero expón que os pelegríns do camiño de Santiago deixan lixo por todos os lados, plásticos, bolsas, latas.... e iso que hai contenedores.

O Sr. Rodríguez Gómez pregunta sobre o semáforo do Muro.

O Sr. Quiñones Guisande engade que un día vai a ver problemas.

O Sr. Requera Ocampo di que xa comentou na anterior sesión que o PsdeG presentou unha moción no concello para a colocación alí dun grupo semaforico.

O Sr. Quiñones Guisande pregunta polas canaletas do baixo do Eido de Paco.

A presidenta preguntalle a súa vez para qué quere as canaletas.

A Sra. Fabre Fervenza aclara que por alí nace moita auga.

A presidenta dille que o mirará.

O Sr. Reguera Ocampo pregunta se sairon axudas para o Xacobeo, cree que nos Frades é fácil facer un camiño de xabre ou unha beirarrúa.

A presidenta contéstalle que sairon a primeiros de ano, que sabe que se pediron polo concello e que de momento non veu ningunha denegada.

O Sr. Quiñones Guisande pide que se sanee o lavadeiro do Porto.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e unha horas e 10 minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como secretaria do Consello, DOU FE.

Dilixencia: esténdese para facer constar que a presente acta aprobouse na xuntanza do Consello Parroquial de Quintela do 8 de novembro de 2017, pola maioría dos membros asistentes, coa abstención das representantes da ANPA, Lorena Rodríguez Vilaboa e Beatriz López Alonso por non ter asistido a dita xuntanza.



CONCELLO DE REDONDELA

Ref.: MJBB/mdp

O Consello Parroquial de Quintela, na súa xuntanza ordinaria celebrada o 8 de novembro de 2017 acordou, entre outros, o seguinte asunto:

**1.- Aprobación, se procede, da acta anterior.**

A presidenta dá conta da acta da xuntanza ordinaria deste consello parroquial do 9 de maio de 2017 e sometida a votación, apróbase a mesma pola maioría dos membros asistentes, coa abstención das representantes da ANPA, Lorena Rodríguez Vilaboa e Beatriz López Alonso por non ter asistido a dita xuntanza.

Documento asinado electronicamente á marxe